

## Vídeo: O emulador de voo da Patrulla Águila do Exército do Aire visitará #Baiona.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Xoves, 11 Xuño 2015 19:44

---



Con capacidade para 14 persoas por quenda, o emulador permite experimentar as emocións que viven na cabina os pilotos da Patrulla Águila do exército do aire. A chegada do emulador está prevista para o vindeiro 22 de xuño ao Parque da Palma onde se poderá visitar gratuitamente de 10 a 14 horas e de 17 a 21 horas. Será con motivo da entrega do "Santos Peralba"

O Concello de Baiona anunciou que con motivo da entrega do Galardón "Santos Peralba", ao Xeneral de División do Exército do Aire, D. César M. Simón López, que terá lugar o vindeiro venres 26 de xuño, e grazas á colaboración do JEMA, o emulador de voo da Patrulla Águila do Exército do Aire estará en Baiona desde o luns 22 de xuño ata o xoves 25 de xuño.

### **8 minutos de acrobacia**

O emulador de C101 da Patrulla Águila consiste nunha cápsula con capacidade para 14 persoas en cuxo interior, mediante a proxección dunhas imaxes de gran impacto visual asociadas ao movemento coordinado de dita cápsula, pretén dar a coñecer as sensacións que experimentan os pilotos a bordo deses avións CASA C-101, durante as súas exhibicións aéreas.

Na cápsula, os pasaxeiros acomódanse sobre asentos deseñados ergonomicamente, cuxa localización proporciona unha visión sen obstáculos da pantalla e de todo canto sucede nela. A súa tecnoloxía ten as súas orixes na simulación do sector aeroespacial. Oito minutos de acrobacias aéreas a bordo dun avión C-101 da Patrulla Águila do Exército do Aire.

**Vídeo de presentación do emulador de voo da Patrulla Águila. | ©Exército do Aire**

## Vídeo: O emulador de voo da Patrulla Águila do Exército do Aire visitará #Baiona.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Xoves, 11 Xuño 2015 19:44

---

### Horarios de visita

O emulador de voo estará situado no Parque da Palma con entrada gratuíta. As visitas poderán facerse de 10:00 a 14:00 horas, tendo neste horario prioridade os centros educativos e de 17:00 a 21:00 horas.

```
(function(d, s, id) { var js, fjs = d.getElementsByTagName(s)[0]; if (d.getElementById(id))  
return; js = d.createElement(s); js.id = id; js.src =  
"//connect.facebook.net/es_ES/sdk.js#xfbml=1&version=v2.3"; fjs.parentNode.insertBefore(js,  
fjs);})(document, 'script', 'facebook-jssdk');
```

Emulador de voo da Patrulla Águila. | ©Exército do Aire

Publicado por [Valminor.info - O Xornal do Val Miñor](http://valminor.info) o [Xoves, 11 de xuño de 2015](#)